



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### LOUSAME

##### *Aprobación definitiva modificación ordenanza fiscal*

O Concello de Lousame, na sesión ordinaria que tivo lugar o día 26/07/2024, acordou aprobar inicialmente a modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do punto de atención á infancia.

Aperturouse un período de información pública, mediante anuncio publicado no Taboleiro da sede electrónica o día 31/07/2024 e no Boletín Oficial da Provincia núm. 149 do 05/08/2024. Dito período de información pública rematou o día 17/09/2024, sen que conste presentada ningún tipo de suxerencia ou reclamación. Por este motivo, enténdese elevado a definitivo o acordo plenario do día 26/07/2024, que até ese momento era provisional.

A Ordenanza entrará en vigor coa súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, tal e como establece o artigo 70 da LRBR e artigo 17 do TRLRFL.

Contra o acordo definitivo de aprobación da Ordenanza, conforme ao artigo 19 do TRLRFL, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo, no prazo de 2 meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia.

O texto íntegro da modificación da Ordenanza Fiscal reguladora da Taxa pola prestación do servizo do punto de atención á infancia é o seguinte, que se fai público no cumprimento do artigo 17.4 do TRLRFL:

##### Modificación aprobada definitivamente do Anexo da Ordenanza Fiscal, punto 1 e punto 2

Modificación aprobada definitivamente	<p>1. Cota tributaria pola atención educativa. A cota tributaria pola atención educativa en xornada completa fíxase en 169,26 €. Segundo o nivel de renda da unidade familiar, sobre este prezo aplicaranse as reducións que se especifican no número 2 deste anexo. Cando o alumnado teña solicitada e concedida unha praza en réxime de media xornada, a cota tributaria da atención educativa reducirase no cincuenta por cento do prezo que lle corresponda aboar de acordo coa renda per cápita da unidade familiar.</p> <p>2. Aplicación da cota tributaria mensual segundo os tramos de renda da unidade familiar.</p> <p>a) Rendos inferiores ao 30 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.</p> <p>b) Rendos comprendidas entre o 30 e inferiores ao 50 por cento do IPREM. Prezo da praza: 0 €.</p> <p>c) Rendos comprendidas entre o 50 e inferiores ao 75 por cento do IPREM. Prezo da praza: 34,91 €.</p> <p>d) Rendos comprendidas entre o 75 e inferiores ao 100 por cento do IPREM. Prezo da praza: 69,81 €.</p> <p>e) Rendos comprendidas entre o 100 e inferiores ao 125 por cento do IPREM. Prezo da praza: 112,13 €.</p> <p>f) Rendos comprendidas entre o 125 e inferiores ao 150 por cento do IPREM. Prezo da praza: 133,29 €.</p> <p>g) Rendos comprendidas entre o 150 e o 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 147,05 €.</p> <p>h) Rendos superiores ao 200 por cento do IPREM. Prezo da praza: 169,26 €.</p>
---------------------------------------	---

Lousame, a 23 de setembro de 2024

A Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais

2024/6676